



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **28 de novembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

13.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA SAA, BEADE". EXPTE. 2600/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28.11.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 28 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

7.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación daas obras de execución de beirarruas na rúa Saa". (expediente 2600-440).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-11-2014, 20-11-2014, 26-11-2014, 27-11-2014 e 28-11-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de 25-11-2014 e 27-11-2014, e do xefe de Area de Fomento de 25-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro: Dar conta da exclusión da empresa ENDENOR S.L. acordada pola Mesa de Contratación de 20 de novembro de 2014 xa que a proposta técnica contida no sobre B de esta empresa non esta asinada electronicamente nin se acompaña unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación daas obras de execución de beirarruas na rúa Saa". (expediente 2600-440), no seguinte orde decrecente:

1	CONSTRUCCIONES VALE, SL.	92,30
2	UTE ACEVI S.L-MONTAJES IGLESIAS	85,36
3	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA.	79,59
4	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL.	79,47
5	SERGONSA SERICIOS, S.L.	78,73
6	COPCISA; SA:	78,20
7	DESMACO S.L.	77,68
8	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	72,84
9	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU.	71,59
10	PRACE SERVICIOS Y OBRAS SL.	71,58
11	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL.	70,18
12	HORDESCON, S.L.	64,63
13	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	55,54
14	NATURGALIA, S.L.	54,08

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13.a) das FEC.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.*

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e oito do ano dous mil catorce.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.